

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Corrección do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo de reparación e mantemento de material de iluminación pública do Concello de Vedra

ANUNCIO

Corrección de erros do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de reparación e mantemento de material de iluminación pública do Concello de Vedra

Detectado erro no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de reparación e mantemento de material de iluminación pública do Concello de Vedra, no apartado 10, criterios de adxudicación, do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas particulares, por resolución da Alcaldía acordouse:

Primeiro.–Modificar o apartado 10 do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas particulares, que queda do seguinte xeito de acordo co establecido na cláusula 10.C do prego:

10.–CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Proposición económica: de 0-20 puntos.

Calidade plan traballo e actuación mediomambiental: de 0-10 puntos.

Calidade dos equipos, maquinaria e medios técnicos e humanos adscritos á realización do traballo: de 0-30 puntos.

Melloras na prestación do servizo en materia de eficiencia e aforro enerxético: de 0-20 puntos.

Segundo.–Ampliar o prazo de presentación de ofertas ata o día 11 de xuño ás 13.00 horas.

Vedra, 27 de maio de 2013.

O ALCALDE

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

2013/6815